

CASTROVERDE*Anuncio*

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 16 de novembro de 2017 prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de outubro de 2017, e expónse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, a 23 de novembro de 2017.- O ALCALDE, Xosé María Arias Fernández

R. 3523

LUGO*Anuncio*

Para dar cumprimento ó establecido no artigo 141.4 do Real decreto 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento urbanístico, faise pública a aprobación definitiva do "**Proxecto de urbanización do polígono número 3 do sector Sur-B (Louzaneta-Arieiras**", adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día catorce de setembro de dous mil once.

Contra o citado acordo caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, nun prazo de **dous meses**, contados a partir do día seguinte á da publicación da presente resolución, a cal pon fin á vía administrativa, ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Lugo (artigo 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo).

Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de **UN MES**, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 116 da Lei 30/1992).

Lugo, 28 de setembro de 2011.- O Alcalde, P.D. O Tenente Alcalde Delegado da Área de Urbanismo (Decreto Alcaldía número 70/2011) Luis Manuel Álvarez Martínez

R. 3493

*Anuncio***FORMALIZACION DE CONTRATO**

En cumprimento do disposto no artigo 151 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público faise público:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

c) **Número de expediente:** 23-2017

d) **Dirección de Internet do perfil do contratante:** www.lugo.gal

2.- Obxecto do contrato.

a) **Tipo:** servizos

b) **Descrición:** a prestación dun servizo consistente en labores de dirección, xestión, control administrativo e financeiro do proxecto LIFE14 e posterior xustificación de resultados e investimentos ante a UE

c) **Lotes:** NON

d) **CPV:** CPV 2008 72224000-1 Servizos de consultoría en xestión de proxectos.

e) **Acordo marco:** NON

f) **Medio de publicación do anuncio de licitación:** BOP e perfil do contratante

g) Data de publicación do anuncio de licitación: BOP de 29/7/2017

3.- Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedemento: aberto

4.- Valor estimado do contrato: 180.000 euros

5.- Orzamento base de licitación (primeira anualidade) 180.000 euros máis o IVE (21%) -37.800 euros- resultando un total de **217.800 euros IVE incluído.**

6.- Adxudicación do contrato

a) Data: 2 de novembro de 2017

b) Contratista: KAIZEN EUREKA S.L-3EDATA INGENIERIA AMBIENTAL S.L UNIÓN con N.I.F. U-27493741

c) Importe da adxudicación: 167.000 euros euros polo que sumando o o IVE 21% (35.070 euros) resultando un orzamento total de 202.070 euros, IVE incluído.

7.- Formalización do contrato

a) Data: 17 de novembro de 2017

b) Contratista: KAIZEN EUREKA S.L-3EDATA INGENIERIA AMBIENTAL S.L UNIÓN N.I.F. U-27.493.741

c) Importe da adxudicación: 167.000 euros, máis o 21% de IVE (35.070 euros) o que resulta un importe total de **202.070 euros IVE incluído**

e) Vantaxes/Melloras oferta adxudicataria: prezo mais baixo e melloras.

Lugo, 21 de novembro de 2017.- A ALCALDESA, P.D. TENENTE-ALCALDE DA ÁREA, Ana Prieto Nieto.

R. 3494

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS DEPORTIVAS - 1ªFRACCION CURSO 2017/2018 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 20 de novembro de 2017 aprobose o padrón da taxa pola prestación do servizo de escolas deportivas- 1ª fracción curso 2017/2018

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o 24 de novembro de 2017 ata 24 de xaneiro de 2018

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaránse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 20 de novembro de 2017.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 3495
